

## **RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DE 17 DE XUÑO DE 2024**

### **1. ASISTENCIA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL. Referencia: 2024/00027771X.**

Aprobación de actas de sesións anteriores.

Aprobación da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de 10 de xuño de 2024.

### **2. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2023/00050260D.**

Licenza para a mellora das condicións de accesibilidade no CEIP PLURILINGÜE DE VITE 1 sito na avda Burgo das Nacións nº 6.

Concédesse á XUNTA DE GALICIA licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e de execución redactado polo arquitecto polo arquitecto David Sarmiento Nogueira presentado na data 22/11/2023 cun orzamento de execución material de 84.712,20 €, a mellora das condicións de accesibilidade no CEIP PLURILINGÜE DE VITE 1 sito na avda Burgo das Nacións nº 6 Santiago de Compostela (A Coruña) con referencia catastral: 7590202NH3479A0001WB,

### **3. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2024/00001327Q.**

Obras na envolvente fachadas e cuberta no edificio sito na rúa do Pexigo de Abaixo, 38.

Concédesse licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto técnico redactado pola arquitecta Idoia Arantzazu Camiruaga Osés presentado na data 04/10/2023 con documentación complementaria de data 01/12/2023 cun orzamento de execución material de 23.016,86 €, obras na envolvente fachadas e cuberta no edificio sito na rúa do Pexigo de Abaixo, 38 Santiago de Compostela (A Coruña)

### **4. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2023/00035375M.**

Aceptar cesión de viario e conceder licenza ao proxecto básico para a construción dun edificio de 14 vivendas, locais comerciais e garaxe na rúa da Torreira,32.

Acórdase:

Primeiro.- Aceptar a cesión de viario formalizada na escritura pública de data 26/01/2024, outorgada ante o notario don Carlos Sebastián Lapido Alonso, co número de protocolo 133 .

Segundo.- Conceder a O BALCÓN DA TORREIRA, S. COOP. GALEGA licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico redactado polos arquitectos Alfonso Salgado Suárez e Francisco Liñares Túñez presentado o 15/09/2023 e documentación complementaria do 31/01/2024, cun orzamento de execución material de 706.027,14 €, a construción dun edificio de 14 vivendas, locais comerciais e garaxe na rúa da Torreira, Santiago de Compostela (A Coruña) parcelas ref.catastral 7198301NH3479G e 7198302NH3479G.

### **5. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2024/00016499P.**

Aceptar cesión de viario e conceder licenza para realizar a segregación de finca sita no lugar de Brins Santa Mª de Figueiras.

Acórdase:

Primeiro.- Aceptar a cesión de viario formalizada na escritura pública de data 04/06/2024 outorgada ante o notario don José Manuel Amigo Vázquez co número de protocolo 1627.

Deberase presentar escritura liquidada nun prazo dun mes.

Segundo.- Conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto redactado polo enxeñeiro Agrónomo José Carlos Nieto Maneiro presentado o 05/04/2024 e documentación presentada o 10/06/2024, a segregación de finca sita no lugar de Brins Santa M<sup>a</sup> de Figueiras Santiago de Compostela (A Coruña) parcela con referencia catastral 15079A50400073 ]

**6. LICENZAS DE APERTURA. Referencia: 2023/00039135Q.**

Denegación de licenza de obras para construción de unidade de subministro de combustible no LUGAR DE AGUALADA ]

Denégase a PLENOIL, S.L. licenza de obras para construción de unidade de subministro de combustible no LUGAR DE AGUALADA, parcela con referencia catastral 15079A515014820000FP ao denegarse a autorización polo órgano titular da estrada. ]

**7. CONTRATACIÓN. Referencia: 2023/00049226X.**

Adxudicación do contrato do *Servizo de conservación, reparación e pequena reforma de diversos edificios e instalacións dependentes do Concello de Santiago de Compostela* a ESPINA Y DELFÍN SL con NIF B15026693. ]

Acórdase:

**Primeiro:** Adxudicarlle, por ser a única oferta presentada e cumprir cos requisitos exixidos nos pregos, a ESPINA Y DELFÍN SL con NIF B15026693 o contrato que ten por obxecto do *Servizo de conservación, reparación e pequena reforma de diversos edificios e instalacións dependentes do Concello de Santiago de Compostela*, que oferta unha porcentaxe de baixa sobre os prezos á que se refire a Cláusula 6.1 do PCAP de 20,50 %.

De acordo coa cláusula 6.2 do PCAP O orzamento de licitación dispoñible para o contrato poderá consumirse na súa totalidade, é dicir, a baixa de adxudicación queda a disposición do contrato para realizar unha maior cantidade de medicións para a conservación dos edificios e instalacións.

Desígnase como responsable do contrato a María del Carmen Liñares Mosquera, arquitecta técnica do Servizos de Obras e Proxectos.

**Terceiro:** Comprometer un gasto por importe de 1.420.172,60 € con cargo ás seguintes partidas orzamentarias e anualidades:

PARTIDA	DESCR. PARTIDA	2024	2025	2026	TOTAL
080 32300 2120000	CEIPs	266.666,67 €	400.000,00 €	133.333,33 €	800.000,00 €
030 92000 2120000	Admin. Xeral	76.000,01 €	114.000,01 €	38.000,00 €	228.000,02 €
070 34200 2120000	Deportes	66.666,67 €	100.000,00 €	33.333,33 €	200.000,00 €

060 33403 2120000	Centros. socioculturais	64.057,53 €	96.086,29 €	32.028,76 €	192.172,58 €
TOTAL		473.390,88 €	710.086,30 €	236.695,42 €	1.420.172,60 €

O gasto de exercicios futuros queda subordinado ao crédito que para cada exercicio se autorice no respectivo o orzamento consonte o establecido no artigo 174 do Texto refundido da Lei reguladora de facendas locais aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de maio, e no artigo 79 e seguintes do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril.

Este acordo, que pon fin á vía administrativa, poderá ser obxecto do recurso especial en materia de contratación ante o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL), previo á interposición do recurso Contencioso Administrativo, no prazo de 15 días hábiles contados a partir do día no que se publique este anuncio na PLACSP. |

#### 8. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00030294S.

|Prorroga do contrato de prestación do "Servizo de mantemento, conservación e mellora dos espazos verdes e do arboredo do concello de Santiago de Compostela. polo prazo de DOUS ANOS, a contar dende o 1 de setembro de 2024 ata o 31 de agosto de 2026. |

|Acórdase:

**Primeiro:** Prorrogar o contrato de prestación do "Servizo de mantemento, conservación e mellora dos espazos verdes e do arboredo do concello de Santiago de Compostela. adxudicado a CESP, COMPAÑÍA ESPAÑOLA DE SERVICIOS PÚBLICOS AUXILIARES, SAU agora denominada PREZERO ESPAÑA, SAU, co NIF.- A82741067 polo prazo de DOUS ANOS, a contar dende o 1 de setembro de 2024 ata o 31 de agosto de 2026.

**Segundo.-** Aprobar e comprometer o gasto necesario que se financiará con cargo á aplicación orzamentaria nº 040 17100 2279901 co desglose por anualidades para o 2024 no que existe crédito adecuado e suficiente, e para o 2025 e 2026 no que queda condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente, segundo se deriva dos documentos contables RC que se xuntan ao expediente.

Anualidade 2024: 1.258.237,45 euros

Anualidade 2025: 3.774.712,34 euros + 121.000 euros traballos complementarios.

Anualidade 2026: 2.516.474,89 euros + 121.000 euros traballos complementarios. |

#### 9. CONTRATACIÓN. Referencia: 2024/00021237P.

|Aprobación do expediente de contratación das Obras de execución do proxecto de "Ampliación da plataforma do viario entre Cañoteira e Outeiro de Marrozos (2ª fase)" / Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (plan único de concellos) POS+ 2021 da Deputación Provincial da Coruña|

Acórdase:

**Primeiro.** Aprobar o expediente que ten por obxecto a licitación das obras de execución do proxecto de Obras de execución do proxecto de "Ampliación da plataforma do viario entre Cañoteira e Outeiro de Marrozos (2ª fase)" / Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (plan único de concellos) POS+ 2021 da Deputación Provincial da Coruña, cun orzamento base de licitación de 356.700,00 € (base impoñible de 294.793,39 € máis IVE do 21% por valor de 61.906,61 €).

**Segundo:-** Abrir o procedemento aberto de adxudicación.

**Terceiro.** Autorizar un gasto total por importe de 356.700,00 € que se imputará á aplicación orzamentaria 070 15321 6090000 con código de proxecto 2021 2 PPROV 351.

#### **10. CONTRATACIÓN. Referencia: 2023/00030457D.**

Imposición de penalidades á empresa MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA SL con NIF B36533537 unha penalidade de 7.624,45 €, ao abeiro do artigo 150.2 da LCSP. |

Acórdase:

**Primeiro.** Desestimar as alegacións presentadas por MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA SL con NIF B36533537, respecto do expediente de imposición de penalidades por retirar indebidamente a súa oferta no procedemento de licitación do contrato *Obras de execución da "Rede de Itinerarios Sostibles para a Redución da Pegada de Carbono (Fase I - Entorno Intermodal)"*.

**Segundo.** Impoñerlle, ao abeiro do artigo 150.2 da LCSP, á empresa MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA SL con NIF B36533537 unha penalidade de 7.624,45 € por ter retirado a súa oferta no procedemento de adxudicación anteriormente indicado.

**Terceiro.** Notificarlle este acordo a MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA SL, así como dar conta do mesmo aos Servizos Económicos (Intervención Municipal e a Oficina Orzamentaria e Contabilidade e Tesourería Central) para os efectos que correspondan.

De acordo co artigo 123 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, contra este acordo poderá interponer recurso potestativo de reposición durante o prazo dun mes ante o órgano que ditou o acto ou ben, de acordo co disposto na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pode interpoñer recurso contencioso-administrativo, perante a xurisdición do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción desta notificación. |

#### **11. CONTRATACIÓN. Referencia: 2023/00018107X.**

Resolución, ao abeiro do establecido no artigo 245 a) da LCSP) da LCSP do contrato das *Obras de reurbanización da rúa García Lorca* asinado coa empresa MOVIMIENTO

DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA SL (MARCONSA) con NIF B36533537.

Acórdase:

**Primeiro.-** Resolver, ao abeiro do establecido no artigo 245 a) da LCSP) da LCSP contrato das *Obras de reurbanización da rúa García Lorca* asinado coa empresa MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA SL (MARCONSA) con NIF B36533537.

A resolución do contrato ten como efecto:

- O aboamento á empresa MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA S.L. (MARCONSA), co NIF. B36533537, en concepto de indemnización de 15.211,60 €, cantidade que corresponde ao 2% do prezo do contrato, IVE excluído. O gasto relativo a esta indemnización imputarase á aplicación orzamentaria 040 15320 2269900.
- A cancelación e devolución da garantía definitiva constituída por MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA S.L. (MARCONSA), con NIF. B36533537, mediante un contrato de seguro de caución por importe de 38.029,01 € (núm. operación 320230001327), sendo a entidade aseguradora MUSAAT MUTUA DE SEGUROS A PRIMA FIJA (V28865855), constituída para responder do contrato das *Obras de reurbanización da rúa García Lorca*. CON2022000070. Expte. 2023/18107X

**Segundo.-** Notificar este acordo de resolución a MARCONSA e aos servizos económicos do Concello. ]

### **12. CONTRATACIÓN. Referencia: 2024/00022303Q.**

]Ratificación da cesión da praza número 142 do aparcamento de Ponte Castro – A Rosa en Santiago de Compostela, autorizada por acordo da Xunta de Goberno do 20/05/2024. ]

]Ratifícase a cesión, que fora autorizada por acordo da Xunta de Goberno de data 20 de maio de 2024, da praza número 142 do aparcamento de Ponte Castro – A Rosa en Santiago de Compostela. ]

### **13. CONTRATACIÓN. Referencia: 2023/00045038P.**

]Autorizar o inicio de trámites para proceder a recepción das obras definidas no proxecto de construción: "Rehabilitación de firme, mellora da accesibilidade e seguridade peonil na rúa Camiño dos Vilares. Tramo rúa Camiños da Vida- rúa Follas Novas". ]

]Autorízase o inicio de trámites para proceder á recepción das obras definidas no proxecto de construción: "Rehabilitación de firme, mellora da accesibilidade e seguridade peonil na rúa Camiño dos Vilares. Tramo rúa Camiños da Vida- rúa Follas Novas nomeando representante da administración á técnica municipal e responsable das obras de referencia, que unha vez autorizada dita recepción, deberá comunicar a Intervención Municipal, lugar e hora para concorrer ao acto.

A fin de acreditar o control e supervisión das obras e a idoneidade das mesmas para poder proceder á súa recepción, a empresa contratista das obras e a Dirección Facultativa deberán achegar á finalización efectiva da obra, e en todo caso, previamente ao acto de recepción, a documentación que figura no informe da

enxeñeira municipal supervisora municipal das obras, procedendo a continuación levar a cabo o acto formal de recepción, logo do estado das obras. |

**14. OBRAS E PROXECTOS. Referencia: 2021/00052457Y.**

|Aprobación da certificación final das obras de “Mellora da accesibilidade no concello de Santiago 2021”, expedida por PROPERDIS EMPRESA DE INSERCIÓN LABORAL, SLU, con CIF nº B7027161 4, por un importe de 20.656,74 euros, IVE engadido.|

Acórdase:

|1.- Aprobar a certificación final das obras de “Mellora da accesibilidade no concello de Santiago 2021”, expedida por PROPERDIS EMPRESA DE INSERCIÓN LABORAL, SLU, con CIF nº B7027161 4, por un importe de 20.656,74 euros, IVE engadido.

2.- Disponer e recoñecer as obrigas derivadas da certificación final das obras de Mellora da accesibilidade no concello de Santiago 2021”, expedida por PROPERDIS EMPRESA DE INSERCIÓN LABORAL, SLU, con CIF nº B7027161 4.

En todo caso, o pago final da obra de referencia debe ser considerada como un abono ou pago a conta a resultas da liquidación do contrato. |

**15. OBRAS E PROXECTOS. Referencia: 2024/00027166A.**

|Expediente 2024/00020509Q

PROCEDEMENTO: Aprobación de factura OFI F/2024/1700 expedida por ESPINA Y DELFIN SL (CIF/NIF:B15026693), por importe total de 25.093,21 euros, en concepto de servizo de conservación, reparación, pequena reforma ou ampliación de diversos edificios e instalacións dependentes do concello de Santiago 2019.- Certificación marzo 2024, correspondente ao mes de marzo de 2024. |

Acórdase:

|**Primeiro.-** Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

**Segundo.-** Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de VINTECINCO MIL NOVENTA E TRES EUROS CON VINTEÚN CÉNTIMOS (25.093,21 €), segundo a factura con número de referencia contable F/2024/1700 que se achega no expediente, emitida pola empresa Espina y Delfin SL (CIF núm. B15026693).

**Terceiro.-** Dispoñer a continuidade das prestación para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo. |

**16. OBRAS E PROXECTOS. Referencia: 2024/00027506K.**

|EXPEDIENTE: 2024/00023070R

PROCEDEMENTO: Fiscalización de facturas: Informe OFI 531/2024 para CX09 para F/2024/2101 expedida por ESPINA Y DELFIN SL (CIF/NIF:B15026693), por importe total de 24.691,56 euros, en concepto de servizo de conservación, reparación, pequena reforma ou ampliación de diversos edificios e instalacións dependentes do

concello de santiago 2019.- certificación abril 2024 correspondente ao período do mes de abril de 2024.

Acórdase:

**Primeiro.-** Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

**Segundo.-** Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de VINTECATRO MIL SEISCENTOS NOVENTA E UN EUROS CON CINCOENTA E SEIS CÉNTIMOS (24.691,56€), segundo a factura con número de referencia contable F/2024/2101 que se achega no expediente, emitida pola empresa Espina y Delfin SL (CIF núm. B15026693).

**Terceiro.-** Dispoñer a continuidade das prestación para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

#### **17. OFICINA ORZAMENTARIA E CONTABILIDADE. Referencia: 2024/00027408S.**

Suplemento de crédito 2024-SUPLE-03 e modificación de subvencións nominativas exercicio 2024 do departamento de Deportes.

Acórdase:

**PRIMEIRO:** Aprobar o expediente de suplemento de crédito co número **2024-SUPLE-03** con base ao contido do informe proposta por un importe de **VINTE E CATRO MIL EUROS (24.000,00 euros)** coa finalidade de recoñecer no orzamento actual a modificación dunha subvención nominativa para o fomento e promoción de dinámicas deportivas de activación dentro do municipio, financiado con baixas por anulación.

En resumo:

**SEGUNDO:** Aprobar a modificación do estado de gastos do capítulo IV do orzamento xeral do Concello para o exercicio 2024, que recolle a relación de entidades beneficiarias relativas ás subvencións nominativas, importes máximos anuais e finalidades destas axudas no exercicio 2024, que figuran recollidos individualmente en cadansúa aplicación orzamentaria específica co seguinte detalle:

Org.	Prog.	Económica	CX	Entidade beneficiaria	NIF Beneficiario	Importe 2024	Obxecto
070	34100	4890022	30	M.N.M (MÓVETE NA MOTO)	G36511897	30.000,00	Colaborar nos gastos pola organización dunha proba do Campionato de España e dunha proba do evento internacional denominado FIM ISDE-INTERNATIONAL SIX DAYS de ENDURO
070	34100	4890025	30	CLUB DE HOCKEY RAXOI	G15165624	40.000,00	Colaborar nos gastos pola participación dun equipo feminino en ligas de carácter nacional.

A aprobación da modificación da axuda nominativa a favor do Club de hockey Raxoi queda condicionada á entrada en vigor do suplemento de crédito proposto no apartado anterior.

**TERCEIRO:** Na tramitación deste expediente de suplemento de crédito e de modificación do estado de gastos do capítulos IV do orzamento municipal do exercicio 2024 serán de aplicación as normas sobre información, reclamacións e publicidade

aplicables á aprobación dos orzamentos da entidade a que se refiren os artigos 20 e 22 do RD 500/1990 e 169 do TRLRFL (artigo 38.2 do RD 500/1990), polo que este expediente expoñerase ao público durante quince días hábiles de acordo co establecido no artigo 38 do RD 500/1990, en relación co artigo 169 do TRLRFL.

**CUARTO:** Elevar automaticamente a definitivo o expediente inicialmente aprobado de suplemento de crédito 2024-SUPLE-03, e de modificación do estado de gastos do capítulo IV do orzamento municipal do exercicio 2024, se contra él non se formulase ningunha reclamación, procedendo á publicación do resumo por capítulos no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, remitindo copia á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.

**18. XESTIÓN DE PERSOAL. Referencia: 2024/00018885W.**

Aprobación da Oferta Pública de Emprego para o ano 2024

Apróbase a Oferta de Emprego Público para o ano 2024 do Concello de Santiago de Compostela, co seguinte contido:

**A) Quenda libre.**

PERSOAL FUNCIONARIO: Administración xeral

Nº prazas	Denominación	Escala	Subescala	Clase	Grupo
4	Técnico/a	Admón. Xeral	Técnica		A1
4	Técnico/a xestión	Admón. Xeral	Xestión		A2
2	Administrativo/a	Admón. Xeral	Administrativa		C1

PERSOAL FUNCIONARIO: Administración especial

Nº prazas	Denominación	Escala	Subescala	Clase	Grupo
1	Enxeñeiro/a industrial	Admón. Especial	Técnica	Técnico superior	A1
1	Arqueólogo/a	Admón. Especial	Técnica	Técnico superior	A1
1	Técnico/a protocolo	Admón. Especial	Técnica	Técnico superior	A1
1	Técnico/a informática medio	Admón. Especial	Técnica	Técnico medio	A2



2	Traballador/a social	Admón. Especial	Técnica	Técnico medio	A2
1	Axente de emprego	Admón Especial	Técnica	Técnico medio	A2
1	Educador/a social/familiar	Admón. Especial	Técnica	Técnico medio	A2
1	Enxeñeiro/a agroforestal	Admón. Especial	Técnica	Técnico medio	A2
1	Técnico/a auxiliar en redes	Admón Especial	Técnica	Técnico auxiliar	C1
1	Delineante	Admón. Especial	Técnica	Técnico auxiliar	C1
2	Oficiais de servizos (1 soldadura e 1 fontanería)	Admón. Especial	Servizos especiais	Persoal oficios	C2
1	Técnico/a mantemento deportes	Admón. Especial	Servizos especiais	Persoal oficios	C1
1	Músico trompa	Admón. Especial	Servizos especiais	Cometidos especiais	A2
1	Músico percusión	Admón. Especial	Servizos especiais	Cometidos especiais	A2

**PERSOAL FUNCIONARIO: Policía Local**

Nº prazas	Denominación	Escala	Subescala	Clase	Grupo
7 (3 delas por mobilidade interadministraiva)	Policía	Admón. Especial	Servizos Especiais	Policía Local	C1

**PERSOAL FUNCIONARIO: PROMOCIÓN INTERNA**

Nº prazas	Denominación	Escala	Subescala	Clase	Grupo
10	Técnico/a xestión	Admón. Xeral	Xestión		A2

2	Xefe/a equipo servizo extinción incendios	Admón. Especial	Servizos Especiais	Extinción Incendios	A2
3	Xefe/a dotación	Admón. Especial	Servizos Especiais	Extinción Incendios	C1
9	Bombeiro/a condutor/a especialista	Admón. Especial	Servizos Especiais	Extinción Incendios	C1
2	Inspector/a Principal	Admón. Especial	Servizos Especiais	Policía Local	A2
4 (1 por mobilidade)	Inspector/a	Admón. Especial	Servizos Especiais	Policía Local	A2
3	Oficial	Admón. Especial	Servizos Especiais	Policía Local	C1

### **B) Reserva para persoas con discapacidade.**

Ao abeiro do disposto no artigo 59.1 do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido do Estatuto básico do empregado público, e tendo en conta que o número total de prazas ofertadas para a quenda libre é de 35, das cales 7, dada a natureza das prazas convocadas, non é posible a reserva de ningunha delas para as persoas con discapacidade, deberanse reservar dúas das outras 28 prazas ofertadas para persoas con discapacidade, concretamente unha (1) de administrativo/a (subgrupo C1) e outra (1) de técnico/a de xestión (A2).

De conformidade co que dispón o artigo 20 da vixente Lei de orzamentos, o prazo máximo para a convocatoria das prazas será o de tres anos a contar dende a data da publicación da oferta de emprego. |

### **19. CIRCULACIÓN E SEGURIDADE CIDADÁ. Referencia: Modificación das normas das cacharelas/sardiñadas ano 2024.**

|Modificación puntual das normas das cacharelas/sardiñadas, San Xoan 2024 |

|Apróbase a modificación das normas das cacharelas/sardiñadas con motivo da celebración das Festas de San Xoán 2024, |incluíndo no documento estes dous parágrafos:

- As Agrupacións e Asociacións Veciñais e Culturais que precisen conectar o subministro eléctrico a unha instalación eléctrica municipal, deberán comunicalo, a través da sede electrónica do Concello, para podelo xestionar dende a administración municipal.
- Asemade, estas entidades deberán comunicar, polo mesmo medio ó Concello a necesidades de vallas, que serán facilitadas pola Administración Municipal, en función da súa dispoñibilidade, posto que existe un número limitado delas.

**20. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: 2024/00022541R.**

[Aprobar o texto do convenio de colaboración para o ano 2024 entre o Concello de Santiago de Compostela e a Fundación Down Compostela pola contía de 10.000,00 € ]

[Apróbase o texto do convenio de colaboración para o ano 2024 entre o Concello de Santiago de Compostela e a entidade: Fundación Down Compostela pola contía de 10.000,00 € e a retención de crédito polo importe anterior, con cargo á aplicación orzamentaria 020-23100-4800019, reflectida no apartado de subvencións nominativas das bases de execución do orzamento xeral para o ano 2024 (artigos 31, 32 e 33 e Anexo ao estado de Gastos dos Capítulos IV e VII ]

**21. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: 2024/00019271C.**

[Tomar coñecemento da sinatura do Convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e o Centro Cultural Social Juan XXIII de Santiago de data 12/06/2024 para o financiamento do “Mantemento dos Servizos do Albergue Xoan XXIII” pola contía de 60.000,00 €.

[Tómase coñecemento da sinatura do Convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e o Centro Cultural Social Juan XXIII de Santiago con CIF: G15041593 de data 12/06/2024 para o financiamento do “*Mantemento dos Servizos do Albergue Xoan XXIII*” pola contía de SESENTA MIL EUROS (60.000,00 €).

**22. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: 2024/00019051F.**

[Tomar coñecemento da sinatura do convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e a Fundación Monte do Gozo de data 06/06/2024 para o financiamento do “*Programa Cocaína*” pola contía 45.000,00 €.

[Tomar coñecemento da sinatura do Convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e a Fundación Monte do Gozo con CIF: G15258213 de data 06/06/2024 para o financiamento do “*Programa Cocaína*” pola contía de CORENTA E CINCO MIL EUROS (45.000,00 €).

**23. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: 2024/00020613M.**

Tomar coñecemento da sinatura do Convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e a Asociación Compostelá de Esclerose Múltiple, Párkinson, Ela, outras enfermidades neurodexenerativas e enfermidades raras (ACEM) de data 12/06/2024 para o financiamento do “*Programa de Fisioterapia para persoas con esclerose múltiple, párkinson e ELA*” pola contía de 12.000 €

[Tómase coñecemento da sinatura do Convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e a Asociación Compostelá de Esclerose Múltiple, Párkinson, Ela, outras enfermidades neurodexenerativas e enfermidades raras (ACEM) de data 12/06/2024 para o financiamento do “Programa de Fisioterapia para persoas con esclerose múltiple, párkinson e ELA” pola contía de DOCE MIL EUROS (12.000 €).

**24. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: 2024/00020790K.**

[Tomar coñecemento da sinatura do Convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e a Asociación de Dano Cerebral de Compostela SARELA de data 12/06/2024 para o financiamento do “*Programa de actividades acuáticas e outras actividades de autocoidado*” pola contía de 5.000 €.

[Tómase coñecemento da sinatura do Convenio entre o Concello de Santiago de

Compostela e a Asociación de Dano Cerebral de Compostela SARELA con CIF: G15775604 de data 12/06/2024 para o financiamento do “*Programa de actividades acuáticas e outras actividades de autocoidado* ” pola contía de CINCO MIL EUROS (5.000 €).

**25. PARQUES E XARDÍNS. Referencia: 2024/00013555P.**

Autorización uso hortas urbanas municipais do parque Campo das Hortas  
Outórgase de conformidade co disposto na “*Ordenanza reguladora do uso de hortas municipais constituídas en espazos públicos e do outorgamento das súas autorizacións de uso*” aprobada o día 28 de febreiro de 2008 e publicada no BOP da Coruña do 16 de maio de 2008; e segundo a súa modificación, establecida na Proposta número 25 da Xunta de Goberno Local do 12 de marzo de 2012, a autorización para o uso das hortas urbanas municipais do parque de Campo das Hortas a 52 persoas.

**26. PARQUES E XARDÍNS. Referencia: 2024/00013572W.**

Autorización uso das hortas urbanas municipais do parque de Santa Marta  
Acórdase:  
**Primeiro.** Outorgar, de conformidade co disposto na “*Ordenanza reguladora do uso de hortas municipais constituídas en espazos públicos e do outorgamento das súas autorizacións de uso*” aprobada o día 28 de febreiro de 2008 e publicada no BOP da Coruña do 16 de maio de 2008; e segundo a súa modificación, establecida na Proposta número 25 da Xunta de Goberno Local do 12 de marzo de 2012, a autorización para o uso das hortas urbanas municipais do parque de Santa Marta a 36 persoas.

**Segundo.** Aprobar a lista de agarda da autorización para o uso das hortas urbanas municipais do parque de Santa Marta

**27. PARQUES E XARDÍNS. Referencia: 2024/00013543L.**

Autorización uso das hortas urbanas municipais do parque Belvis de Abaixo  
Outórgase de conformidade co disposto na “*Ordenanza reguladora do uso de hortas municipais constituídas en espazos públicos e do outorgamento das súas autorizacións de uso*” aprobada o día 28 de febreiro de 2008 e publicada no BOP da Coruña do 16 de maio de 2008; e segundo a súa modificación, establecida na Proposta número 25 da Xunta de Goberno Local do 12 de marzo de 2012, a autorización para o uso das hortas urbanas municipais do parque de Belvis de Abaixo a 26 persoas.

**28. CULTURA E FESTAS. Referencia: 2024/00024022X.**

Aprobación da proposta relativa ás Bases da convocatoria de subvencións a asociacións culturais 2024.

Acórdase:

1. Aprobar as Bases da convocatoria de subvencións para asociacións culturais 2024.

2. Autorizar o gasto de 38.000 euros con cargo a aplicación orzamentaria 2024 080 33400 4890100 da área de Cultura pertencente á Concellería de Acción Cultural. |

**29. CULTURA E FESTAS. Referencia: 2024/00024027S.**

|Aprobación das Bases da convocatoria do Premio Exeria de proxectos de creación literaria. Ano 2024. |

Acórdase:

- 1.- Aprobación das Bases da convocatoria do Premio Exeria de proxectos de creación literaria que acada un importe total de 3.000 euros.

2.-Aprobar o gasto, correspondente ao premio en metálico, por importe de 3.000 euros con cargo á aplicación orzamentaria 080 33400 4890100 da área de Cultura pertencente á Concellería de Capital Cultural, Turismo, Educación e Memoria Histórica.

- 3.- Autorizar o pago anticipado do importe tras a concesión. |

**30. CULTURA E FESTAS. Referencia: 2024/00024030H.**

|Aprobación das Bases da convocatoria do Premio SELIC de creación literaria 2024 |

Acórdase:

1. Aprobación das Bases da convocatoria do Premio SELIC de creación literaria 2024.
2. Autorizar o gasto de 6.000 euros con cargo á aplicación orzamentaria 2024 080 33400 4890100 da área de Cultura pertencente á Concellería de Capital Cultural. |

**31. EDUCACIÓN. Referencia: 2024/00018325V.**

|Tomar coñecemento da sinatura do Convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e o concello de Santiago de Compostela para a xestión do servizo de comedor escolar en nove centros educativos do Concello |

|Tómase coñecemento da sinatura do Convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e o Concello de Santiago de Compostela para a xestión do servizo de comedor en nove centros educativos do Concello. |

**32. DEPORTES. Referencia: 2024/00020380W.**

|Aprobación do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e o Club Sociedade Deportiva Compostela (NIF: G70000385) para o ano 2024. |

|Apróbase o borrador de convenio co CLUB SOCIEDADE DEPORTIVA COMPOSTELA.

1. Aprobación da subvención nominativa a favor da citada entidade por valor de 65.000 € con cargo á aplicación 070 34100 4890018, aprobada no Pleno da

Corporación do Concello de Santiago, na sesión ordinaria que tivo lugar o 20 de marzo de 2024.

2. Aprobar o pago anticipado do 100% do importe subvencionable para a tempada 2024/2025 (2º semestre do ano 2024), por un importe de 17.000 €.

**33. DEPORTES. Referencia: 2024/00020371Q.**

Aprobación do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e o Club Ciclista Compostelano (NIF: G15065642) para o ano 2024.

Acórdase:

- Aprobar o borrador de convenio co CLUB CICLISTA COMPOSTELANO.
- Aprobar a subvención nominativa a favor da citada entidade por valor de 6.000 € con cargo á aplicación 070 34100 4890008, aprobada no Pleno da Corporación do Concello de Santiago, na sesión ordinaria que tivo lugar o 20 de marzo de 2024.
- Aprobar o pago anticipado do 50% da contía da subvención, por un importe de 3.000 €.

**34. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2023/00009411D.**

Tomar coñecemento da sentenza recaída no PA 58/2023 CA2. Obxecto: reclamación de pago de facturas. Contía: 13.728,14 euros.

Sentenza nº 137/2024

PA 058/2023 CA2

Obxecto: reclamación de pago de facturas. Contía: 13.728,14 euros.

SENTIDO DA SENTENZA

A sentenza é parcialmente favorable para o Concello, non recorrible en apelación.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Remitir ao Servizo de Obras / Contratación para a súa execución.

**35. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2024/00017974B.**

Tomar coñecemento da sentenza recaída no PA 210/2024 CA2 sobre sanción por falta de presentación de autoliquidación do IIVTNU.

Sentenza nº 145/2024

PA 210/2024 CA2

Obxecto: sanción por falta de presentación de autoliquidación do IIVTNU. Contía 2.261,19 euros.

SENTIDO DA SENTENZA

A sentenza é favorable para o Concello, non recorrible en apelación.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Remitir á Sección de inspección tributaria para o seu coñecemento.

**36. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2023/00040043G.**

Tomar coñecemento da sentenza recaída no PA 268/2023 CA2 sobre responsabilidade patrimonial por caída na beirarrúa



## CONCELLO DE SANTIAGO

Sentenza nº 138/2024

PA 268/2023 CA2

Obxecto: responsabilidade patrimonial por caída na beirarrúa. Contía 1.278,16 euros.

SENTIDO DA SENTENZA

A sentenza é parcialmente favorable para o Concello, non recorrible en apelación.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Remitir ao Servizo de Secretaría para a súa execución. |

### **37. ASISTENCIA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL. Referencia: 2024/00027771X.**

|Tomar coñecemento das resolucións ditadas pola Alcaldía e as Concellerías Delegadas. |

|Tómase coñecemento das resolucións ditadas pola Alcaldía e as Concellerías Delegadas no período comprendido entre o 7 e o 13 de xuño de 2024. |

## URXENCIAS

### **38. PROTOCOLO E RELACIÓNS PÚBLICAS. Referencia: 2024/00027273H.**

Proxecto de modificación do Regulamento de títulos, honras e condecoracións do Concello de Santiago de Compostela.

Acórdase:

Primeiro. Aprobar o proxecto de modificación do Regulamento de títulos, honras e condecoracións do Concello de Santiago de Compostela incorporado a este expediente.

Segundo. Elevar ao Pleno da Corporación proposta para a aprobación inicial da modificación do Regulamento de títulos, honras e condecoracións do Concello de Santiago de Compostela, previo ditame da Comisión Informativa correspondente.

### **39. PLANEAMENTO. Referencia: 2024/00027192Y.**

Aprobación da suspensión cautelar para a reforma da vixente normativa de usos do Plan especial de protección no ámbito da cidade histórica (PE-1)

Ao abeiro do previsto nos artigos 47.1 da Lei 2/2016 do solo de Galicia e 86.1 do seu Regulamento, suspender, no ámbito do *Plan especial de protección e rehabilitación da cidade histórica (PE-1)*, os procedementos de licenza e de comunicación previa para os actos que a continuación se describen.

#### **Ámbito territorial da suspensión**

O ámbito territorial afectado é o delimitado no vixente Plan xeral de ordenación municipal (PXOM) como **PE-1**, cuxa ordenación detallada se remite polo plan xeral ao *Plan especial de protección e rehabilitación da cidade histórica* aprobado o 24.03.1997.

#### **Actos obxecto de suspensión**

A suspensión afectará os seguintes actos cando estean suxeitos a licenza ou a comunicación previa:

1. Os que supoñan a implantación de novos usos residenciais na planta baixa en locais onde se viñan desenvolvendo outros usos.
2. A implantación de novos usos e actividades de carácter terciario en planta baixa.

3. Os cambios de uso ou de actividade nos locais existentes, así como a modificación das condicións ou das características da actividade existente.

**Actos non afectados pola suspensión**

Os actos que se relacionaron no apartado anterior non resultarán afectados pola suspensión en calquera dos seguintes supostos:

a) No caso das comunicacións previas de inicio de actividade, cando o local xa dispuxese da preceptiva licenza de obras para desenvolver a actividade, consonte ao previsto no artigo 144.2 do RLSG.

b) No caso das comunicacións previas de primeira ocupación de vivendas, cando xa obtivesen licenza urbanística de execución das obras precisas para o uso residencial.

c) Cando o uso ou a actividade que se pretenda iniciar -ou modificar as súas características- teña carácter dotacional. Inclúe o docente, sanitario, asistencial, sociocultural, institucional-administrativo e deportivo.

d) Cando o cambio de actividade -ou a modificación das súas características- afecte a locais existentes de ocio/restauración, e o uso ou actividade que se pretenda se inclúa no grupo I (restauración) do artigo 112 do PXOM.

e) Cando o uso ou a actividade que se pretenda iniciar -ou modificar as súas características- sexa de oficinas e non teña carácter turístico. Considéranse de carácter turístico as oficinas de cambio de moeda, as axencias de viaxe, visitas guiadas, *free-tours*, consignas e similares.

f) Cando o uso ou a actividade que se pretenda iniciar -ou modificar as súas características- se corresponda con algún dos seguintes tipos de establecemento comercial, segundo a definición establecida no artigo 109.2 do PXOM:

- B3 (mercados)
- E1 (proximidade), sempre que os produtos e servizos comercializados sexan de uso frecuente polas persoas residentes, e non estean maioritariamente orientados ao turismo.
- F2 (de interese sociocultural)

Para os efectos do disposto nas alíneas e) e f) as persoas interesadas deberán achegar á solicitude de licenza ou á comunicación previa a seguinte documentación:

- Unha memoria explicativa do tipo de produtos ou servizos que se van comercializar no local, con indicación da súa correspondencia con algún dos tipos sinalados (B3, E1, F2 ou, de ser o caso, oficinas de carácter non turístico).

- Unha declaración responsable de que só se van expoñer e ofertar no local os produtos e servizos que se describiron na memoria.

**Vixencia da suspensión**

O acordo de suspensión entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Diario Oficial de Galicia e nun xornal dos de maior difusión na provincia.

A suspensión previa terá a duración máxima dun ano (UN ANO), que deberá computarse segundo o disposto nos apartados 4, 5 e 6 do artigo 30 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións públicas (LPA).

En todo caso, extinguirase co acordo de aprobación inicial do novo plan, sen prexuízo do inicio da suspensión automática derivada do artigo 47.2 da LSG.





**CONCELLO DE  
SANTIAGO**

**40. DEPORTES. Referencia: 2024/00020376K.**

Aprobación do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e a Federación Galega de Atletismo para o ano 2024.

Acórdase:

- 1.- Aprobar o borrador de convenio coa FEDERACIÓN GALEGA DE ATLETISMO.
- 2.- Aprobar a subvención nominativa a favor da citada entidade por valor de 25.000 € con cargo á aplicación 070 34100 4890015, aprobada no Pleno da Corporación do Concello de Santiago, na sesión ordinaria que tivo lugar o 20 de marzo de 2024.
- 3.- Aprobar o pago anticipado do 40% da contía da subvención asociada ás dúas probas finais do circuíto de carreiras saudables CORRESAN que se celebrarán nos meses de setembro e outubro de 2024, por un importe de 10.000 €.

**41. DEPORTES. Referencia: 2024/00020369Z.**

Aprobación do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e a Asociación de Padres, Profesionales y Amigos de Personas con Discapacidad Intelectual "Special Olympics Galicia" para o ano 2024.

Acórdase:

- 1.- Aprobar o borrador de convenio coa ASOCIACIÓN DE PADRES, PROFESIONALES Y AMIGOS DE PERSONAS CON DISCAPACIDAD INTELECTUAL "SPECIAL OLYMPICS GALICIA".
- 2.- Aprobar a subvención nominativa a favor da citada entidade por valor de 3.500 € con cargo á aplicación 070 34100 4890004, aprobada no Pleno da Corporación do Concello de Santiago, na sesión ordinaria que tivo lugar o 20 de marzo de 2024